

O INFERNO



Esta obra recibiu unha axuda da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia na convocatoria de axudas para a tradución do ano 2018.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Irmás Cartoné, 2019

Título orixinal: *Lenfer*

Tradución: Celia Recarey

Ilustración de cuberta: Carlos Valdés

Deseño e maquetación: Irmás Cartoné

Impresión: Estugraf

ISBN: 978-84-948421-4-6

Dep. Legal: C 1328-2019



Este libro comercialízase baixo unha licenza Creative Commons que permite a copia e distribución da obra sempre e cando non se faga con fins comerciais e se recoñeza debidamente a autoría da mesma mediante a mención expresa do autor, a tradutora e a editora. Esta licenza autoriza tamén a produción de obra derivada, coa condición de que a obra resultante sexa distribuída baixo o mesmo tipo de licenza que a orixinal.

HENRI BARBUSSE

O inferno

Traducción de Celia Recarey Rendo



I

A patroa, a señora Lemercier, deixoume só no meu cuarto, despois de lembrarme en poucas palabras todas as vantaxes materiais e morais da pensión familiar Lemercier.

Detívenme diante do espello, no medio daquel cuarto onde ía vivir unha temporada. Observei o cuarto e despois observeime a min mesmo.

A habitación era gris e tiña un olor poeirento. Vin dúas cadeiras —sobre unha delas atopábase a miña equipaxe—, dúas butacas de respaldo escaso e tapizado graxento, unha mesa cun tapete de la verde, unha alfombra oriental cuxo arabesco, repetido sen cesar, buscaba atraer as miradas. Pero naquel momento do serán, tiña a cor da terra.

Todo aquilo érame descoñecido, porén, coñecía moi ben: aquela cama de falsa caoba, aquel toucador frío, aquela inevitable distribución dos mobles, e aquel baleiro entre as catro paredes...

*

O cuarto está gastado; semella que pasou por el unha infinidade de xente. Desde a porta até a xanela, a alfombra deixa ver a súa trama: foi pisada, día a día, por unha multitude. As molduras,

Henri Barbusse

á altura das mans, están deformadas, afundidas, estremecidas, e o mármore da cheminea arredondou polas esquinas. Co contacto dos homes, as cousas bórranse cunha lentitude desesperante.

Tamén escurecen. Pouco a pouco, o teito foise ensombrecendo como un ceo de temporal. Nos paneis brancos e no papel rosa, as partes máis tocadas viráronse negras: o batente da porta, a volta da ornamentada fechadura do roupeiro e, á dereita da fiestra, a parede pola parte onde se turra dos cordóns da cortinas. Toda unha humanidade pasou por aquí como fume. Só a fiestra é branca.

... E eu? Eu son un home como os outros, do mesmo xeito que este serán é un serán como os outros.

*

Viaxo desde esta mañá: a présa, as formalidades, as equipaxes, o tren, os alentos das diversas vilas.

Hai unha butaca; déixome caer nela; todo se volve máis tranquilo e máis mol.

O meu traslado definitivo da provincia a París marca unha gran fase na miña vida. Atopei un posto nun banco. Os meus días van cambiar. É por mor deste cambio polo que este serán me arrinco dos meus pensamentos habituais e penso en min.

Teño trinta anos: fareinos o primeiro día do mes que vén. Perdín a meu pai e mais a miña nai hai dezaioito ou vinte anos. O suceso é tan remoto que resulta insignificante. Non casei; non teño fillos e non os vou ter. Hai momentos en que isto me turba, cando penso en que comigo rematará unha estirpe tan antiga como a humanidade.

Son feliz? Si; non sinto dó nin remorso, nin desexos complicados; polo tanto, son feliz. Lembro que, desde que era rapaz,

O inferno

tiña iluminacións sentimentais, tenruras místicas, un amor enfermizo por me pechar, cara a cara, co meu pasado. Concedíame a min mesmo unha importancia excepcional; chegaba a pensar que era máis que outros! Pero todo iso foi afogando pouco a pouco no afirmativo nada dos días.

E velaquí estou agora.

Debrúzome na butaca para me achegar máis ao espello e mírome ben.

Máis ben pequeneiro, de aire reservado (aínda que teño os meus momentos exuberantes); vestimenta moi correcta; non hai, no meu personaxe exterior, nada que reprochar, nada que destacar.

Considero de perto os meus ollos, que son verdes e que, por unha aberración inexplicable, son xeralmente considerados negros.

Creo dun xeito confuso en moitas cousas: por riba de todo, na existencia de Deus, aínda que non nos dogmas da relixión; porén, esta última presenta vantaxes para as xentes humildes e para as mulleres, que teñen un cerebro inferior ao dos homes.

Canto ás discusións filosóficas, penso que son absolutamente vas. Non se pode controlar nada, verificar nada. A *verdade*, que significa iso?

Teño un sentido do ben e do mal; xamais cometería unha indelicadeza, aínda que estivese certo de saír impune. Tampouco sería quen de admitir a menor esaxeración en cousa ningunha.

Se todo o mundo fose coma min, todo iría ben.

*

Xa é tarde. Non vou facer máis nada hoxe. Fico sentado aí, no día perdido, fronte a unha esquina do espello. Percibo, no decorado que a penumbra comeza a invadir, a forma da miña fronte, o óvalo do meu rostro e, baixo a miña trémula pálpebra, o meu ollar, polo que entro en min como nunha tumba.

A fatiga, o tempo tebroso (oio a chuvia no serán), a sombra que aumenta a miña soidade e me agranda malia todos os meus esforzos e algo máis, non sei o que, pónenme triste. Moléstame estar triste. Sacúdome. Que foi, logo? Non foi nada. Só eu.

Non estou só na vida como estou este serán. O amor adquiriu para min a cara e os xestos da miña pequena Josette. Hai moito que estamos xuntos; hai moito que, na traseira da casa de modas onde traballa, en Tours, vendo que me sorría cunha persistencia singular, lle agarrei a cabeza e a biquei na boca, e descubrín subitamente que a amaba.

Agora xa non lembro ben a estraña felicidade que sentiamos ao nos desvestir. Hai, é certo, momentos nos que a desexo con tanta loucura como a primeira vez; sobre todo cando non está. Cando está, hai momentos nos que me repugna.

Reunirémonos alá durante as vacacións. Habemos poder contar os días que nos volvamos ver antes de morrer... se ousamos.

Morrer! A idea da morte é, definitivamente, a máis importante de todas as ideas.

Hei morrer algún día. Pareime a pensalo algunha vez? Repaso. Non, non o pensei nunca. Non podo. Custa tanto mirar o destino cara a cara como mirar o sol e, porén, é gris.

E o serán chega como chegarán todos os seráns, até que chegue aquel que será grande de máis.

Pero velaí que, de súpeto, me erguín, vacilante, co corazón a latexar como un bater de ás...

O inferno

Que foi, logo? Na rúa, soou unha trompa, un toque de caza... Ao parecer, algún monteiro dunha casa grande, de pé diante do mostrador dun cabaré, coas fazulas inchadas, a boca imperiosamente pechada e expresión feroz, abraia e fai calar á concorrència.

Pero non é só iso, esa fanfarra que resoa polas pedras da cidade... Cando era cativo, no campo onde me criei, oía ese toque ao lonxe, polos camiños dos bosques e do castelo. A mesma melodía, a mesma cousa exactamente; como poden ser tan infinitamente semellantes?

E ao meu pesar, a miña man pousase sobre o meu corazón cun xesto lento e trémulo.

Antano... hoxe... a miña vida... o meu corazón... eu! Penso en todo iso, todo a un tempo, sen motivo, como se acabase de volverme tolo.

... Desde entón, desde sempre, que fixen da miña vida? Nada, e xa estou en decadencia. Ah!, como esa melodía me recordou o pasado, paréceme que rematei, que non vivín, e arelo unha especie de paraíso perdido.

Pero por máis que suplique, por máis que me revolva, xa non hai nada para min; xa non serei, a partir de agora, feliz nin infeliz. Non podo resucitar. Envellecerei con tanta tranquilidade como a que teño hoxe, neste cuarto no que tantos seres deixaron pegada, no que ningún ser deixou nada seu.

Este cuarto atópase a cada paso. É o cuarto de todo o mundo. Cremos que está pechado, pero non: está aberto aos catro ventos. Está perdido no medio de cuartos semellantes, como a luz no ceo, como un día entre os días, coma min por todas as partes.

Eu, eu! Xa non vexo máis que a palidez do meu rostro de concas afundidas, enterrado no serán, e a miña boca chea dun silencio que amodo, mais con paso firme, me abafa e me aniquila.

Henri Barbusse

Incorpórome apoiándome nun cóbado como no toco dunha á. Oxalá me sucedese algo infinito!

Carezo de xenialidade, de misión que cumprir, de gran corazón que entregar. Non teño nada e nada merezo. Mais, a pesar de todo, desexaría unha especie de recompensa...

Canto ao amor, soño cun idilio inaudito, único, cunha muller lonxe de quen perdín até agora todo o meu tempo, da que non vexo a fasquía, mais imaxino a súa sombra, de par da miña polo camiño.

Algo infinito, algo novo! Unha viaxe, unha viaxe extraordinaria á que lanzarme, na que multiplicarme. Partidas luxosas e atafegadas entre o apuro dos humildes, lentas instalacións nos vagóns que se moven a toda marcha, como tronos, por entre as paisaxes espeluxadas e as cidades que medran bruscamente, como o vento.

Barcos, mastros, manobras comandadas en linguas bárbaras, desembarcos en peiraos dourados, e logo caras exóticas e curiosas ao sol, vertixinosamente semellantes, monumentos cuxa imaxe coñecemos e que, polo que nos parece na soberbia da viaxe, saíron ao noso encontro.


O meu cerebro está baleiro; o meu corazón está seco; non hai ninguén ao meu redor, nunca atopei a ninguén, nin un amigo sequera; son un pobre home varado por un día nun cuarto de hotel ao que vén todo o mundo, do que todo o mundo marcha e, porén, desexo a gloria! A gloria unida a min como unha abraiante e marabillosa ferida que eu sentiría e da que todos falarían; arelo unha multitude na que eu sería o primeiro, na que me aclamarían polo meu nome, como un berro novo baixo a faz do ceo.

Mais sinto derrubarse a miña grandeza. A miña imaxinación pueril xoga en van con imaxes desmesuradas. Non hai nada para

O inferno

min: nada alén de min mesmo, que, desposuído pola noite, me alzo como un berro.

A hora deixoume case cego. Máis que verme, adivíñome no espello. Vexo a miña fraqueza e a miña catividade. Adianto cara á fiestra as miñas mans cos dedos estarricados, as miñas mans, co seu aspecto de cousas esgazadas. Desde o meu recanto de sombra, ergo o rostro cara ao ceo. Bótome cara atrás e apóiome na cama, ese grande obxecto que ten unha forma vagamente viva, como un morto. Meu Deus, estou perdido. Ten piedade de min! Críame sensato e satisfeito coa miña sorte; dicía carecer do instinto de roubar; desgraciadamente non é certo, pois desexo apoderarme de todo o que non me pertence.



ESTE LIBRO ENTROU NO PRELO
O 5 DE XULLO DE 2019

